



Resolución de 08 de setembro de 2026 pola que se fan públicos os resultados provisionais do concurso de traslados.

De conformidade co establecido na Resolución de 01 de setembro de 2026 pola que se convoca concurso de traslados na E.P. SEAGA, e unha vez rematado o prazo para a presentación de solicitudes,

RESOLVO:

Primeiro. Publicación dos resultados provisionais

Facer públicos os resultados provisionais do concurso de traslados convocado pola E.P. SEAGA, de acordo cos criterios de adxudicación establecidos nas bases da convocatoria.

Os resultados provisionais recóllense nos anexos que acompañan esta resolución, que forman parte integrante da mesma:

- **Anexo I:** Proposta de traslados.
 - No anexo I relaciónanse as persoas participantes que, de acordo coa valoración provisional efectuada conforme aos criterios establecidos nas bases, resultan propostas para a adxudicación dos postos solicitados.
 - A inclusión no Anexo I ten carácter provisional, polo que non implica a adxudicación definitiva do posto, que se producirá, se é o caso, mediante a correspondente resolución definitiva unha vez rematado o prazo de reclamacións e resoltas estas.
- **Anexo II:** Solicitudes de traslado desestimadas con baremo inferior ás propostas de traslados que figuran no Anexo I.
 - Relaciónanse as solicitudes que, cumprindo os requisitos para participar no concurso de traslados, non resultan propostas para a adxudicación de ningún dos postos solicitados por non obter a puntuación necesaria, de acordo coa orde de prelación establecida nas bases da convocatoria e coa concorrencia das demais persoas participantes.
- **Anexo III:** Solicitudes de traslados que non reúnen requisitos.
 - No Anexo III relaciónanse as solicitudes que son desestimadas por non cumprir o establecido no apartado 1 das bases da convocatoria, ao tratarse de solicitudes de traslado formuladas desde categorías profesionais distintas das correspondentes ás vacantes ofertadas.

Segundo. Resultas

De conformidade co establecido no apartado 3 das bases da convocatoria, as vacantes que se xeren como consecuencia da adxudicación dos postos inicialmente ofertados poderán ser incorporadas ao procedemento mediante o correspondente sistema de resultas, respectando a orde de preferencias manifestada polas persoas participantes nas súas solicitudes.

Non obstante, os traslados propostos no Anexo I non xeran resultas, ao non existir solicitudes respecto dos postos que quedan vacantes tras as adxudicacións propostas.

Terceiro. Prazo de reclamacións

De conformidade co establecido no apartado 6 das bases da convocatoria, as persoas interesadas disporán dun prazo de **tres (3) días hábiles** para presentar reclamacións desde a publicación desta resolución na páxina web de SEAGA.

As reclamacións deberán presentarse polas canles habilitadas na convocatoria.

Cuarto. Resolución definitiva

Unha vez rematado o prazo de reclamacións e analizadas estas, a Dirección da E.P. SEAGA procederá á publicación da correspondente resolución definitiva do concurso de traslados, na que se determinará a adxudicación definitiva dos postos.

En Santiago de Compostela a 08 de setembro de 2026

Ado: O director xerente



Martín Martínez Abal



SERVIZO
AGRARIO
GALEGO

Xacobeo  2027

ANEXO I - PROPOSTA DE TRASLADOS

POSTOS OFERTADOS	DESTINO	RELACIÓN LABORAL	Nº POSTOS OFERTADOS	Nº SOLICITUDES RECIBIDAS	PROPOSTAS DE TRASLADO	DNI	PUNTUACIÓN ANTIGÜIDADE
Enxeñería técnica forestal/agrícola	A CORUÑA	INDEFINIDA	2	2	Cabana Fernández, Antonio Luis Rodríguez Ansedo, José Vicente	333***42Q 533***31P	Non require
Enxeñería técnica forestal/agrícola	OURENSE	INDEFINIDA	2				
Enxeñería técnica forestal/agrícola	PONTEVEDRA	INDEFINIDA	2	3	Cortón Noya, Fracisco Javier Fortes Alvarez, Nuria	333***69R 353***14F	80 meses x 0,10= 8 75 meses x 0,10= 7,5
Enxeñería técnica forestal/agrícola	SS.CC	INDEFINIDA	4				
Enxeñería técnica industrial/agrícola	SS.CC.	INDEFINIDA	1				
Oficial Administrativo/a	SS.CC	INDEFINIDA	3				
Auxiliar Administrativo/a	A CORUÑA	INDEFINIDA	1				
Auxiliar Administrativo/a	PONTEVEDRA	INDEFINIDA	1	1	Barros Lois, Begoña	440***12V	Non require
Capataz agroforestal	A CORUÑA	INDEFINIDA	3				
Capataz agroforestal	LUGO	INDEFINIDA	3	4	García Pereira, Sandra Pardo Teijeiro, Mª Teresa Rodríguez Valiño, Bernardo	793***64S 333***13L 765***31E	98 meses x 0,10= 9,8 86 meses x 0,10= 8,6 66 meses x 0,10= 6,6
Capataz agroforestal	OURENSE	INDEFINIDA	7				
Capataz agroforestal	PONTEVEDRA	INDEFINIDA	1	1	Corral Solla, David Antonio	353***89W	Non require
Maquinista-Conducutor/a	SS.CC	INDEFINIDA	1				
Xefe/a de Brigada	A CORUÑA	INDEFINIDA FIXA DESCONTINUA (9 meses)	2	1	Somoza Rodríguez, Rubén	458***57D	Non require
Xefe/a de Brigada	OURENSE	INDEFINIDA FIXA DESCONTINUA (9 meses)	1				
Peón/peoa especialista	SS.CC	INDEFINIDA	1	2	Mayo Romero, Raúl	448***85Q	111 meses x 0,10= 11,1



SERVIZO
AGRARIO
GALEGO

Xacobeo  2027

ANEXO I - PROPOSTA DE TRASLADOS

POSTOS OFERTADOS	DESTINO	RELACIÓN LABORAL	Nº POSTOS OFERTADOS	Nº SOLICITUDES RECIBIDAS	PROPOSTAS DE TRASLADO	DNI	PUNTUACIÓN ANTIGÜIDADE
Peón/peoa especialista	PONTEVEDRA	INDEFINIDA FIXA DESCONTINUA (9 meses)	1				
Peón/Peoa	A CORUÑA	INDEFINIDA FIXA DESCONTINUA (9 meses)	6				
Peón/Peoa	LUGO	INDEFINIDA FIXA DESCONTINUA (9 meses)	4				
Peón/Peoa	OURENSE	INDEFINIDA FIXA DESCONTINUA (9 meses)	7				
Peón/Peoa	PONTEVEDRA	INDEFINIDA FIXA DESCONTINUA (9 meses)	5	1	Beloso Daparte, Francisco Javier	768***42R	Non require



SERVIZO
AGRARIO
GALEGO

Xacobeo  2027

ANEXO II - SOLICITUDES DE TRASLADOS DESESTIMADAS

Solicitudes con baremo inferior ás propostas de traslados que figuran no Anexo I

POSTOS OFERTADOS	DESTINO	RELACIÓN LABORAL	Nº POSTOS OFERTADOS	Nº SOLICITUDES RECIBIDAS	SOLICITUDE DESESTIMADA	DNI	PUNTUACIÓN ANTIGÜIDADE
Enxeñería técnica forestal/agrícola	PONTEVEDRA	INDEFINIDA	2	3	Cubero Cubero, Ignacio (1171)	715***39H	39 meses x 0,10 = 3,9
Capataz agroforestal	LUGO	INDEFINIDA	3	4	Reigosa Lombao, Antón (1384)	342***89L	46 meses x 0,10 = 4,6
Peón/peoa especialista	SS.CC	INDEFINIDA	1	2	Fernández Carballal, José Luís (2496)	444***19P	83 meses x 0,10 = 8,3



SERVIZO
AGRARIO
GALEGO

Xacobeo  2027

ANEXO III - SOLICITUDES DE TRASLADOS NON REÚNEN REQUISITOS

POSTOS OFERTADOS	DESTINO	RELACIÓN LABORAL	SOLICITUDE NON ATENDIDA	DNI	MOTIVO EXCLUSIÓN
Capataz agroforestal	A CORUÑA	INDEFINIDA	García García, Segundo	448***76A	Categoría de orixe distinta á da vacante ofertada
Capataz agroforestal	A CORUÑA	INDEFINIDA	Outeiral Miniño, Carlos	332***70T	Categoría de orixe distinta á da vacante ofertada
Capataz agroforestal	A CORUÑA	INDEFINIDA	Pedreira Iglesias, Juan Carlos	448***71E	Categoría de orixe distinta á da vacante ofertada
Maquinista-Conducutor/a	SS.CC	INDEFINIDA	Pedreira Iglesias, Juan Carlos	448***71E	Categoría de orixe distinta á da vacante ofertada
Xefe/a de Brigada	A CORUÑA	INDEFINIDA FIXA DESCONTINUA (9 meses)	Pedreira Iglesias, Juan Carlos	448***71E	Categoría de orixe distinta á da vacante ofertada